

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación das obras de humanización da avenida Ramón Nieto (expediente 1062-440).

1. Entidade adxudicadora: a) Organismo: Concello de Vigo. b) Dependencia que tramita o expediente: Área de Fomento. c) Obtención de documentación e información: Servizo de Contratación do Concello de Vigo, pza. do Rei, s/n, 36202 Vigo, teléfono: 986 81 01 48, fax: 986 22 62 06. Correo electrónico: contratacion@vigo.org. Enderezo da internet do perfil de contratante: www.vigo.org. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións. d) Número de expediente: 1062-440.

2. Obxecto do contrato: a) Tipo: obras. b) Descrición: contratación das obras de humanización da avda. Ramón Nieto, fase II. c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: non. d) Lugar de execución: concello de Vigo. e) Prazo de execución: seis (6) meses.

3. Tramitación e procedemento: a) Tramitación: urgente. b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 1.500.000 euros.

5. Garantías exixidas. Provisional: non se exige. Definitiva: 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6. Requisitos específicos do contratista: a) Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría e. b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a exixida na cláusula 6) das follas de especificacións do contrato (FEC).

7. Presentación de ofertas: a) Data límite de presentación: o prazo rematará aos 13 días seguintes ao de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG. b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, pza. do Rei, s/n, 36202 Vigo ou a través da plataforma electrónica de contratación pública Vortalgov (www.vortalgov.es). c) Admisión de melloras: si. d) Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

8. Apertura de ofertas: a) Enderezo: Casa do Concello de Vigo, pza. do Rei, s/n, 36202 Vigo. b) Data e hora: anunciarase no perfil de contratante do Concello de Vigo (www.vigo.org).

9. Gastos de publicidade: pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

Vigo, 4 de novembro de 2011.

Raquel Díaz Vázquez
Concelleira delegada de Contratación